

Un proxecto antolóxico en *A Nosa Terra* (1907-1908)

Xoán González-Millán

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ-MILLÁN, XOÁN (2011 [2000]). “Un proxecto antolóxico en *A Nosa Terra* (1907-1908)”. En Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González (eds.), *Professor Basilio Losada. Ensinar e pensar con liberdade*. Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, 434-441. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/681>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ-MILLÁN, XOÁN (2000). “Un proxecto antolóxico en *A Nosa Terra* (1907-1908)”. En Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González (eds.), *Professor Basilio Losada. Ensinar e pensar con liberdade*. Barcelona: Publicacións de la Universitat de Barcelona, 434-441.

* Edición dispoñíbel desde o 4 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UN PROXECTO ANTOLOXICO EN *A NOSA TERRA* (1907-1908)

Xoán González-Millán

Hunter College - CUNY

1. Presentación.

Estas notas representan unha primeira, e moi breve, incursión nun fenómeno sociocultural que acadaría unha cada vez maior presenza na dinámica do primeiro medio século de rexurdimento ideolóxico e cultural do galeguismo (de mediados do século XIX ata a segunda década do XX). Un rápido percorrido pola produción bibliográfica deste período permite observar a profusión de escolmas literarias (fundamentalmente dedicadas á lírica), en contraste cunha produción editorial certamente limitada. Unha estratexia semellante parece responder, en principio, a obxectivos ideolóxicos e culturais duns colectivos que ven no discurso literario, e máis concretamente no xénero poético, a expresión máis fidedigna dunha identidade nacional e por tanto un instrumento privilexiado para a súa reivindicación.

Neste contexto, non debería sorprender que cando Solidaridad Gallega lanza o proxecto editorial dunha revista periódica, coa cabeceira de *A Nosa Terra* [ANT], en 1907, se propoña inmediatamente a sistemática publicación, dende o primeiro número, dunha serie de composicións poéticas de autores galegos, en galego, en contraste co uso maioritario que se fai do castelán na revista. Trátase dun proxecto antolóxico implícito, que lle é presentado como tal ó lector nunha serie de notas marxinais. Hai que engadir que a maioría das composicións antologadas non precisaban, para a comunidade de lectores da revista, información adicional porque se trataba de poemas que contaban cunha notable presenza nas antoloxías da época, como se intentará documentar máis adiante.

Esta preocupación por lanzar un proxecto antolóxico da poesía lírica galega, moito máis sistemático do que en principio podería aparentar, permite aventurar unha hipótese de traballo en relación co posible protagonismo de Carré Aldao e Florencio Vaamonde como os seus inspiradores principais, especialmente o primeiro. Esta proposta, que requeriría un traballo de documentación que o limitado destas notas non

permite, está baseada nunha serie de datos: a activa participación dos dous, como membros destacados de ‘Solidaridad Gallega’, no proxecto publicista de *A Nosa Terra*, o feito de que a Redacción e a Administración da revista estivese ubicada na “Librería de Carré” e o teren no seu haber bibliográfico, cada un deles, unha antoloxía literaria. As conexións entre Carré e o proxecto antolóxico que percorre os 60 números da revista adquiren un especial relevo cando se constata que 40 das composicións antologadas por aquel na súa *Literatura gallega* (edición de 1911) foran reproducidas xa en *A Nosa Terra*; moito máis baixo é o grao de coincidencia coa antoloxía previa do mesmo estudioso, publicada como anexo na súa edición de 1903 de *La literatura gallega en el siglo XIX*. Non sería moi aventurado propoñer, por tanto, a antoloxía por entregas de *A Nosa Terra* como unha versión previa, ou unha fase preliminar, da que tres anos máis tarde figuraría como anexo da revisada historia literaria de 1911.

Cando as “Irmandades da Fala” lancen en 1916 o seu propio proxecto editorial homónimo, dedicarán tamén unha parte moi sustancial das páxinas da revista a reproducir, no marco de varios proxectos antolóxicos simultáneos, unha serie de autores e poemas que gozaban xa dun alto grao de canonización nos ámbitos do galeguismo de principios de século. Era esta unha práctica frecuente nas revistas periódicas da época, sobre todo naquelas que tiñan como un dos seus obxectivos prioritarios a defensa e reivindicación dun ideario sociocultural e político galeguista. Este é un dato a ter en conta porque na selección de moitos dos poemas escolmados, tanto na época de “Solidaridad Gallega” como na das “Irmandades da Fala”, un dos criterios máis efectivos é o contido ideolóxico das pezas antologadas e/ou a proxección galeguista dos seus autores. É altamente significativa a nota editorial que acompaña ó poema de José de Pazos “¡Sursum corda!”, un texto escrito en homenaxe a Curros reproducido no número XXXII: “Aun cuando nos hemos propuesto no publicar poesías en castellano, rompemos hoy nuestra costumbre, por ser esta hermosa poesía dedicada al gran Curros y obra de un gallego distinguido” (32: 3); unha observación que confirma a privilexiada condición asignada ó xénero poético como o discurso literario nacional por excelencia e, por tanto, a súa predisposición a ser antoloxizado.

2. Unha “Antología de poetas gallegos”.

Xa nos primeiros números de ANT poden lerse, na sección titulada “*Variadas*”, e co subtítulo de “Reproducciones”, unha serie de notas breves, especialmente iluminadoras en relación tanto coa función asignada a moitos dos textos poéticos aparecidos na revista como coas complexas interaccións coa prensa periódica do momento. Os editores insisten de forma especial no eco que ten noutras publicacións periódicas, galegas e americanas, o proxecto “antolóxico” que ANT lanza nas súas páxinas, pero que non aparece formulado como tal. Así, no número XIII (4-XIII-1907), despois de teren xa publicado algúns dos poetas e poemas ‘antolóxicos’ da literatura galega pode lerse o seguinte: “La prensa regional reproduce la escogida

Antoloxía de poetas gallegos, que vamos publicando en todos los números de *A Nosa Terra*", o que demostra que os editores eran conscientes de que estaban articulando un proxecto antolóxico. A finais do mesmo mes, no número correspondente ó 26-XIII-1907, reproducéase unha nota moi semellante: "La prensa regional gallega y americana reproduce casi todas las escogidas composiciones de los ilustres poetas gallegos que vamos dando como *Antoloxía gallega*" (26-XIII-1907). Sen embargo, esta observación, e outras semellantes coas que se atopará ocasionalmente o lector, coas que os editores da ANT pretenden lexitimar o liderado da publicación como difusora da produción cultural galega, hai que contrastala cun dato especialmente significativo, que cuestiona, en certa medida, a implícita apropiación de "orixinalidade" que parece deducirse destas notas: trátase, en moitos casos, de poemas aparecidos anteriormente en libro ou noutras publicacións periódicas galega, e moitos deles foran previamente antologados en varias escolmas, como se documenta máis adiante.

3. Repertorio de poetas e poemas antologados.

Para a configuración da nómina de autores e poemas antologados nos 60 números de ANT, pertencentes ó período 1907-08, adóptase como criterio o feito de que os poemas en cuestión teñan sido escolmados por algunha das antoloxías elaboradas no período comprendido entre mediados do XIX e 1936. A prolongación cronolóxica ata o desencadeamento da Guerra Civil permite documentar, entre outros aspectos, cal foi a sorte que correron algúns dos textos antologados despois da súa inclusión nas páxinas da ANT. Indícase en romanos o número da revista, a continuación o autor e o título do poema; e finalmente as siglas das antoloxías nas que foron tamén escolmados.¹

I: Salvador Golpe: "Meus amores" (FV, CA.03, LA, AC, FF, AC.C, CR); Benito Losada: "Xogando á brisca" (CA.11). II: Martelo Paumán: "A Galicia" (FV); Andrés Muruais: "Unha de paus" (CA.03, CG). III: Lamas Carvajal: "O alalalaa..." (TB.P, CA.11, LS). IV: S. Golpe: "Unha cita" (CA.11, LA, AC). V: López Abente: "A fouce" (CA.11, AC., FF). VII: M. Pardo Domínguez: "Coitas" (CA.11); F. Tettamancy: "A pedra da Virxe da Barca" (CA.11). VIII: Lamas Carvajal: "O falar das fadas" (CA.11, AC, FM). Aurelio J. Pereira: "A espada vingadora" (con ocasión do seu pasamento) (CA.11, FM). IX: A. García Ferreiro: "¡Menten!" (CA.11, FM); Benito Losada: "A cunca d'auga" (CA.11, FM); E. Rodríguez González: "Caíndo... caíndo..." (CA.11). XI: M. Núñez González: "A neve" (DLG); Curros: "Nouturnio" (CA.11, LA, AC, CR). XII: F. Añón: "A pantasma" (PP, AI, CA.11, LI, AC, FF). XIII: Lugrís Freire: "¡Adiante!" (CA.11); Barcia Caballero: "Niño desfeito" (CA.11). XIV: A. Camino: "Nai chorosa" (ADC, LS, CA.11, LI, AC, FF, SA, FM). XV:

¹ Ver o apéndice final para o repertorio das antoloxías literarias galegas destes anos, e as siglas correspondentes.

José de Pazos: “¡Unha alma que se vai!” (CA.11). XVI: Pastor Díaz: “A albo-rada” (LS, AI, FV, CA.11, LA). XVIII: A. Camino: “O desconsolo” (VA, ADC, TB.P, PP, LS, AI, CA.11, LA, XC, SA, XCV, GO, RO). XIX: Castor Elices: “As follas secas” (PP, LS, CA.11, LA). XX: J. García Mosquera: “A vida do campo” [versión galega da oda “Beatus ille...”] (SA, FV, LS); Antonio Castro: “Noite-boa” (ADC, AI, CA.11, LA, XC); Victoriano Abente: “Lembranzas” (CA.11). XXI: M. Lugrís Freire: “A patria” (CA.11). XXII: J. A. Saco Arce: “O miniño do ceo” (FV). XXIII: J. Barcia Caballero: “O arco da vella” (PP, LS, AI, CA.11, MV); E. Pondal: “Pol-a patria” (CA.11, FM). XXV: Pedro Subiela: “A volta do emigrante” (CA.11). XXVI: Rosalía de Castro: “Adios ríos, adios fontes” (LA, LS, CA.11, FV.C, SA). XXVII: Clara Corral: “O ben na terra” (CA.11). XXVIII: Pondal: “A campana d’Anllons” (AI, PP, SA, ADC, LS, FF, RO); A. García Ferreiro: “¡Ben te vin!” (CA.11). XXIX: U. González Varela: “¡Ela!” (FV, CA.03, CA.11, CR); Pedro Pablo Parzanese: “A cruz” (vertida do italiano ó galego por A. Vázquez Queipo) (CA.03). XXX: L. Rodríguez Seoane: “Mariñeiro da Lanzada” (PP, CA.03, LA, AC, FF). XXXI: [número dedicado a Curros, no seu pasamento] Curros: -“A Virxe do Cristal” (LA); “A palabra” (AI, CA.11); “Tangaraños” (CA.11) e “Na morte de mña nay [sic]” (CA.11, LA, AC). XXXII: F. Añón: “A Galicia” [‘Ay! Esperta adourada Galicia...’] (ADC, LS, CA.11, MV, FM, RO). XXXIII: Salvador Golpe: “Adiós a Galicia” (CA.11, MV); Pondal: “O sublime vago” (CA.11). XXXIV: Lisardo Barreiro: “Saudo” (CA.11); Lamas Carvajal: “Os aires da miña terra” (LS). XXXVI: F. Añón: “A Galicia” [‘Dos teus recordos vivo...’] (CG). XXXVII: Lisardo Barreiro: “Conto” (en verso) (LS). XLI: J. García de San Millán: “A velliña” (CA.03, CR); Robustiano Faginas: “A un poeta enxebre” (CA.11). XLII: Aurelio Ribalta: “Cántiga da montaña” (CA.03). XLIII: Marcial Valladares: “A castañeira en Santiago” (PP, AI, CA.03, FV.C, CR). XLVI: Francisco Lumbreras (“madrileño”): “Queixas” (CA.03). XLVII: M. Lago González: “Alborada” (FV, CA.03, AC.C); Castor Elices: “A miña nai” (CA.03, CR). XLVIII: J. Rodríguez López: “Un bico” (PP, CA.11). XLIX: Pondal: “Bergantiños” (CA.11). LIX: J. Rivera Vázquez: “O rosario d’inverno en Galicia” (CR).

4. Observacións provisionais sobre o repertorio de poemas e a nómina dos autores.

En canto ós autores, destacan algúns dos ‘grandes’ do século XIX: Curros con 5 poemas (esta destacada posición débese ó pasamento do poeta en 1908; como homenaxe, a ANT dedícalo un número case en exclusiva, o XXXI, no que se reproduce unha miniantoloxía da súa obra); séguelle Pondal con 4 e Lamas Carvajal, Salvador Golpe e F. Añón con 3; son antologados 7 poetas con 2 textos cada un (García Ferreiro, Benito Losada, Luga Freire, Barcia Caballero, A. Camino, C. Elices e L.

Barreiro); e finalmente unha longa nómina de 27 autores representados individualmente por un só texto, entre eles, Rosalía de Castro; este último dato, en principio sorprendente, precisaría dunha máis detida análise documental sobre as condicións socioculturais do galeguismo da época, e sobre os complexos mecanismos de canoización da autora de *Cantares Gallegos*.

En canto ós poemas máis ‘antolóxicos’, é dicir, os que contan cun maior grao de representación nas antoloxías da época, sobresaen as seguintes composicións: “O desconsolo” de A. Camino, antologado en 13 escolmas; outro poema altamente reproducido nas antoloxías, con 8 presencias, é “Nai chorosa”, tamén de A. Camino; séguelle, con 7, “Meus amores” de S. Golpe, e o famoso poema pondaliano “A campana d’ Anllóns”, e con 6 “A Galicia” [‘Ay! Esperta adourada Galicia...’] e “A pantasma” de F. Añón; 7 composicións acadan 5 representacións antolóxicas; nun nivel inmediatamente inferior figuran 3 poemas, escolmados en 4 antoloxías; son 7 os poemas seleccionados en tres escolmas, 9 en dúas, e, finalmente, o grupo obviamente máis numeroso, 24 nunha soa antoloxía (dos que 16 figuran na CA.11; ningunha outra antoloxía se lle aproxima en número de presencias: FV (2), CA.03 (3), LA (2), LS (2) e CR (1)) Este dobre índice de frecuencias permite distinguir entre autores e poemas ‘antologados’, os que foran ou serían antologados tamén noutras antoloxías, pero cunha baixa frecuencia, e autores ‘antolóxicos’, dos que algunhas das composicións, que denominaríamos ‘poemas antolóxicos’, están representadas na maioría das antoloxías da época estudiada.

A distribución de frecuencias dos poemas en cuestión ó longo dos sesenta números da ANT suxire unha triple división: un primeiro grupo (I ó XXXVII) con 48 composicións; con moi contadas excepcións, case tódolos números incorporan poemas ‘antologados’ ou ‘antolóxicos’; é o período no que o proxecto antolóxico parece funcionar de forma máis continuada e sistemática. O segundo grupo (XXXVIII ó XLIX) está representado por 9 poemas; o promedio de poemas nesta segunda fase é bastante máis baixo; dos 12 números deste grupo só 7 reproducen poemas deste tipo. No último grupo (L ó LX) só se documenta un poema; trátase dun texto que sería antologado en 1911 por Cervaens Rodríguez. Pero estes datos sobre o número de poemas ‘antologados’ ou ‘antolóxicos’ en cada un destes grupos debe ser complementado coas cifras correspondentes ó número total de poemas publicados e ó de cada un dos tres grupos identificados. Este cómputo ofrece o seguinte balance: 84 no primeiro, 27 no segundo e no terceiro 33, cun total de 144 poemas para os 60 números.

Outra variable a ter en conta é a clasificación dos poemas antologados/antolóxicos en relación cronolóxica coa súa publicación en ANT. Esta división distribúe os textos en tres grupos: os poemas escolmados antes e despois da súa publicación en ANT, é dicir, dende mediados do século XIX ata 1936; os que só foron antologados antes da súa publicación en ANT (de mediados do XIX ata 1907); e os que o foron só con posterioridade á súa antoloxización en ANT (1909-1936). A aplicación deste criterio ofrece os seguintes datos: para o primeiro, un total de 27 poemas, no do segundo 11, e no terceiro 22.

A estas distribucións hai que engadir outra igualmente relevante: o número de antoloxías nas que aparece cada un dos poemas escolmados. O cómputo é o seguinte: 1 (24), 2 (9), 3 (7), 4 (3), 5 (6), 6 (1), 7 (2), 8 (1), 9 (1), 13 (1). A primeira cifra representa a frecuencia 'antolóxica' e a cifra en paréntese indica o número poemas que comparten esa frecuencia. Un dato significativo derivado desta variable é que dos 24 escolmados só unha vez, 15 serían reproducidos na antoloxía de Carré Aldao editada en 1911, o que confirmaría o seu aludido protagonismo como responsable do proxecto antolóxico da ANT. Esta distribución de frecuencias permite documentar o grao de canonicidade de determinados poemas e autores, pero habería que manter unha clara distinción entre a canonicidade de poetas e poemas, porque se observa ó longo da historia da antoloxización da lírica galega unha sistemática reprodución de determinados poemas escritos por autores cun capital cultural limitado.

Moitos dos textos escolmados adquiren unha dinámica propia, derivada de diversos factores, entre eles a súa musicalización, un fenómeno frecuente nos ámbitos culturais da época, que explicaría o grao de difusión dalgúns poemas nestas décadas de reconstrucción do galeguismo. Varios dos poemas antologados nas páxinas de ANT gozaban dunha especial relevancia por teren sido obxecto de musicalización; nas mesmas páxinas da revista alúdese ocasionalmente a este fenómeno, que hai que relacionar directamente coa importancia asignada ós coros folclóricos nesa mesma época, e coa reivindicación dunha tradición musical galega. Así, xa no número inaugural da revista, no que se reproduce o poema "Meus amores" de S. Golpe, engádesse a seguinte nota editorial: "Puesta en música [por Xosé Baldomir] y hecha popular, como sabemos, no todos la cantan como fue escrita, y hoy la insertamos como su autor la escribió"; tamén do mesmo autor reproducécese outro texto, "Adiós a Galicia", cunha interesante nota a pé de páxina (¡redactada en galego!): "Esta composición foi escrita pra un certamen musical no que consiguere o premio o célebre músico galego D. Xoán Montes". Son igualmente antologados outros poemas que gozaron dunha popularización musical; é o caso de "O bico" de Rodríguez López e "As follas secas" de Castor Elices, entre outras composicións.² Outra das variables a ter en conta na insistente antoloxización de determinados poemas é o seu contido ideolóxico, afín ás diferentes propostas do galeguismo contemporáneo.

5. Unha nota final (a modo de limiar)

Nesta rápida e brevísima análise do proxecto antolóxico da poesía galega que percorre as páxinas do experimento proto-nacionalista de *A Nosa Terra* ó longo do bienio 1907-1908 necesariamente tiñan que quedar moitas preguntas sen resposta, e moitas cuestións que, se ben son apuntadas ou suxeridas nesta exposición, requirirían dun esforzo documental moito máis pormenorizado e exhaustivo. Aquí só se pretendía deixar constancia dun dos mecanismos máis frecuentemente utilizados nas últimas décadas do século XIX e nas primeiras do XX para difundir (é dicir, canonizar e lexi-

timar) unha determinada representación, coa súa conseguinte articulación ideolóxica, do imaxinario nacional galego. Futuras investigacións nesta mesma liña, ou dende perspectivas metodolóxicas diferentes e complementarias, aportarán, sen dúbida, os datos necesarios para elaborar unha historia sociocultural dos procesos ideolóxicos do nacionalismo galego, tan estreitamente ligados á articulación do nacionalismo literario, como parece exemplificar o proxecto antolóxico aquí analizado.

Apéndice

Repertorio dos compendios antolóxicos máis sobresañtes entre mediados do século XIX e 1936 (só se recollen aqueles que escolman poemas publicados en *A Nosa Terra* [1907-1908]).³

Grupo A. Escolmas cronoloxicamente anteriores ó proxecto antolóxico de *A Nosa Terra*:

- [VA] Varnhagen, Francisco A. 1849 [1868]. *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, "O Livro das Cantigas" do Conde de Barcelos.*
- [ADC] Iglesia, Antonio M. de la. 1862. *Álbum de la Caridad.*
- [XC] Casal. Xosé. [1865-66]. "Colección de poesías gallegas".
- [RO] Otero Acuña, Ramón. 1857 [1867]. *Galicia médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia.*
- [SA] Saco y Arce, Juan Antonio. 1868. *Gramática gallega.*
- [XCV] Cuveiro Piñol, Juan. 1868. *El habla gallega.*
- [TB.P] Braga, Teófilo. 1877. *Parnaso portugués moderno.*
- [CG] *Almanaque de "El Correo Gallego" para 1881.* 1880.
- [PP] Portela Pérez, Francisco. 1882. *Colección de poesías gallegas.*
- [LS] Saralegui, Leandro. 1867 [1886]. *Galicia y su poetas.*
- [AI] Iglesia, Antonio M. de la. 1886. *El idioma gallego.*
- [OG] *Certame gallego de "O Galiciano".* 1886.
- [GO] Gorchs, Ceferino. 1888. *Colección de trozos selectos en los idiomas y dialectos usados en la Península Ibérica.*
- [MV] Valladares, Marcjal. 1892. *Elementos de gramática gallega.*
- [FV] Vaamonde, Florencio. 1898. *Resume da historia de Galicia.*

² Cando estaba redactando estas liñas chegou ó meu coñecemento a publicación de *O outro lado da música, a poesía* (1999), un estudio de L. Villalta no que se analiza este tema, de fundamental relevancia para entender os mecanismos de difusión e canonización de determinados autores e textos galegos de finais do XIX e principios do XX.

³ O código que precede a cada unha das entradas bibliográficas é o utilizado ó longo do traballo de inventario realizado neste estudio.

- [CA.03] Carré Aldao, Eugenio. 1903. *La literatura gallega en el siglo XIX*.
[FM] *Poesías del festival de la música gallega* (A Coruña).1907.

Grupo B. Escolmas cronoloxicamente posteriores ó proxecto antolóxico de *A Nosa Terra*:

- [CA.11] Carré Aldao, Eugenio. 1911. *La literatura gallega*.
[CR] Cervaens Rodríguez, José. 1911 [1921]. *Literaturas mortas (Breves estudos sobre as literaturas gallega, euskara, italiana e catalá)*.
[LA] López Aydillo, Eugenio. 1914. *Las mejores poesías gallegas*.
[AC] Casas, Alvaro de las. 1928. *Antología de la lírica gallega*.
[FF] Fernández Flórez, Wenceslao. 1929. *Antología de poetas gallegos*.
[FV.C] Filgueira Valverde, Xosé. 1932. *Cancioneiriño de Compostela*.
[AC.C] Casas, Alvaro de las. 1934. *Escolma de cantigas*.